



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Renda e Exaccións

Aprobación do padrón provisional de vaos correspondente ao exercicio 2026

EDICTO

Por Resolución da Alcaldía de data **22 de abril de 2026** e con número **1013/2026**, acordouse:

“PRIMEIRO: Aprobar o padrón da **“taxa pola entrada de vehículos a traves de beirarrúas e reservas da vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercancías de calquera clase (vaos)”** (ordenanza fiscal nº 23), correspondente ó período impositivo do exercicio 2026, no que constan 590 recibos por un importe de **CENTO COREN- TA E OITO MIL CENTO TRECE EUROS E VINTE E OITO CÉNTIMOS (148.113,28 €)**, que comeza por **A. D GRUPO REGUEIRA SA** e remata por **VILLAVERDE FERNÁNDEZ MANUEL**.

SEGUNDO: Expoñer ó público tódolos datos incorporados ó padrón que se aproba, mediante edicto que se debe publicar no Boletín Oficial da Provincia, na sede electrónica e no taboleiro de anuncios da Corporación. Esta exposición, por prazo de quince días dende a correspondente publicación, servirá de notificación colectiva a tódolos contribuíntes, nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

TERCEIRO: Contra as liquidacións incorporadas ó Padrón tódolos interesados poderán interpor RECURSO DE REPOSI- CIÓN ante esta Alcaldía, segundo o disposto no artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ó remate da exposición ó público do Padrón. A interposición do recurso non suspende a eficacia das liquidacións correspondentes, agás que se solicite a suspensión e se presente garantía nos termos establecidos no apartado i) do precepto anteriormente menciona- do. O recurso entenderase desestimado se non se resolve expresamente no prazo de un mes dende a súa interposición. Contra a desestimación presunta do recurso poderase interpor RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña, no prazo de dous meses, dende a notificación da resolución expresa, ou de seis meses dende que se produza a desestimación presunta, tal como establece o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. Tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se estime conveniente”.

Arteixo, 23 de abril de 2026.

Asina dixitalmente na data do documento electrónico: Emilio Maceiras López

(CONCELLEIRO DE ECONOMÍA E FACENDA)

2026/2610